



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# PROGRAMA INTALENT

## BASES DA CONVOCATORIA 2018

A Coruña, 25 de abril de 2018

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	<b>Asinado</b>	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



A Universidade da Coruña (UDC), co apoio da empresa Inditex, impulsa esta acción de captación de talento no marco do convenio de colaboración existente entre ambas entidades para a posta en marcha e execución do Programa InTalent, encamiñado á incorporación na UDC de investigadores que se encontran na etapa de posdoutoramento, con proxección e ampla traxectoria internacional, baixo o único criterio da excelencia.

Inditex vén apoiando nos últimos anos as institucións de educación superior e o seu compromiso coa UDC é un dos seus sinais de identidade. É por iso que está interesada en apoiar accións encamiñadas ao desenvolvemento de proxectos en materia de investigación e transferencia para ampliar, renovar e modernizar os sistemas de ensino superior, así como á posta en valor da súa dimensión emprendedora en beneficio da sociedade.

A UDC, que para o cumprimento dos seus fins vén desenvolvendo actividades docentes e investigadoras, está chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos a establecer canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesorado universitario e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

As dúas entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural, científico e tecnolóxico, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da nosa sociedade. Por este motivo, manifestan o seu interese en impulsar a capacidade investigadora da UDC e situar a universidade como referente na captación de talento atraendo persoal investigador excelente e con proxección internacional.

Mediante este programa preténdese fomentar a retención dos investigadores vinculados á UDC, o retorno daqueles que se desvincularon desta universidade recentemente e a captación de investigadores nacionais ou estranxeiros que poidan conseguir financiamento competitivo internacional en materia de investigación. Estes deben presentar un plan de investigación e divulgación que represente un impacto científico e socioeconómico positivo.

## I. OBXECTO

1. O Programa InTalent dirixese a científicos de calquera nacionalidade que queiran desenvolver a súa actividade investigadora na UDC. A través deste programa procúrase a xeración, retención, recuperación e captación de talento científico e innovador co fin de xerar tecido científico e investigador de excelencia para a UDC.

2. O obxecto desta convocatoria é promover a contratación, en réxime de concorrència competitiva aplicando os principios de publicidade e obxectividade dos investigadores distinguidos, ao abeiro do artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE n.º 131, do 2 de xuño de 2011). A convocatoria buscará cumprir cos obxectivos marcados pola Unión Europea para a contratación de investigadores baseados

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	<b>Asinado</b>	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



no modelo OTM-R (aberto, transparente e baseado no mérito). A UDC conta co selo “Excelencia en Investigación de Recursos Humanos” (*HR Excellence in Research*) concedido pola Comisión Europea, que identifica as universidades e institucións que xeran e apoian a existencia dunha contorna estimulante e favorable ao traballo de investigación.

3. O obxectivo é apoiar proxectos de ciencia excelente independentemente da área de coñecemento a que pertenceren sen ningún tipo de exclusión. No entanto, terase en conta a viabilidade do proxecto dentro da UDC e a súa adecuación aos obxectivos da RIS3 en Galicia ([www.ris3galicia.es](http://www.ris3galicia.es)), e a aquelas áreas especialmente interesantes para a UDC pola súa proxección científica, polo seu carácter emerxente ou pola súa consideración de estratéxicas dentro da planificación actual da entidade:

- a) Áreas relacionadas cos centros do Parque Tecnolóxico da UDC:
  - CITIC: Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions ([www.citic.udc.es](http://www.citic.udc.es))
  - CITEEC: Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil ([www.udc.gal/citeec](http://www.udc.gal/citeec))
  - CICA: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas, (<https://cica.udc.es>)
  - CIT: Centro de Investigacións Tecnolóxicas, ([www.udc.gal/cit](http://www.udc.gal/cit))
- b) Áreas relacionadas cos campus de especialización da UDC:
  - Campus Industrial (<http://campusindustrial.udc.gal>)
  - Campus Innova
  - Campus da Sostibilidade
- c) Áreas relacionadas cos institutos de investigación universitarios ([www.udc.gal/investigacion/institutos\\_investigacion](http://www.udc.gal/investigacion/institutos_investigacion)).
- d) Áreas relacionadas coas ciencias sociais e as humanidades.

## II. CARACTERÍSTICAS

1. Os contratos terán unha duración de dous anos, con posibilidade dunha prórroga dun ano. Esta prórroga será automática sempre que os investigadores o soliciten entre tres e seis meses antes da finalización do contrato inicial. En caso de baixa prolongada por enfermidade e/ou incapacidade temporal, baixa por maternidade ou paternidade, risco durante o embarazo, acollemento ou adopción, ou risco durante a lactación, o período de contratación poderase estender por unha duración equivalente ao tempo de baixa que se acredite.
2. O importe de cada contrato non superará os 60 000 euros de retribución anual, incluído o salario bruto, os custos sociais da contratación e a indemnización final do contrato.
3. Os investigadores contratados recibirán unha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, por un importe de 10 000 euros cada ano, incorporables durante a duración do seu contrato.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



Este financiamento adicional destinarase a cubrir os gastos debidamente xustificadas para:

- a adquisición, alugueiro, traslado, mantemento ou reparación de equipamento científico-técnico, incluídos equipos informáticos e programas de ordenador de carácter técnico, material bibliográfico, material funxible, subministracións e produtos similares;
- a adaptación de infraestruturas científico-técnicas;
- gastos de viaxes e axudas de custo, gastos de inscrición e de organización de congresos, seminarios e conferencias de carácter científico;
- custos de utilización e acceso a infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS) incluídas no mapa aprobado polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e grandes instalacións científicas nacionais e internacionais;
- custos de solicitude e outros gastos de mantemento de dereitos de propiedade industrial e intelectual derivados da actuación, custos de patentes e coñecementos técnicos adquiridos e obtidos por licenza de fontes externas a prezos de mercado;
- contratación de persoal e gastos derivados do asesoramento e apoio técnico á investigación, innovación e transferencia de resultados;
- gastos de publicación e difusión de resultados incluídos aqueles que puideren derivarse da publicación en revistas de acceso aberto;
- outros gastos directamente relacionados coa execución da actividade tales como a utilización de servizos centrais e xerais de investigación da entidade.

Todos os gastos gardarán relación directa coa liña de investigación para cuxo desenvolvemento se asigna a axuda.

4. Proporcionaráselles aos investigadores contratados o espazo adecuado para a realización da súa actividade investigadora.

5. Adicionalmente, cada investigador/a recibirá, nun único pagamento inicial ao comezo do contrato, unha axuda asistencial de 1000 euros brutos.

6. Durante a duración do contrato, os investigadores contratados contarán co apoio e o asesoramento técnico da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UDC, como ente encargado da xestión do Programa InTalent, co fin de atoparen nesta universidade o ambiente adecuado para levar a cabo con todas as garantías a súa investigación de excelencia.

7. A dotación deste Programa irá con cargo á partida orzamentaria 050501 541A 64000.

### III. PERFIL DAS PERSOAS SOLICITANTES

A convocatoria está aberta a todos aqueles doutores que cumpran os requisitos establecidos no apartado IV. A modo de información xeral, especifícanse a continuación

Código Seguro De Verificación	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
Observacións		Páxina	4/22
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



as características básicas do perfil que se considera que deben ter as persoas solicitantes para seren competitivas:

- Os candidatos deben demostrar unha traxectoria investigadora excelente nos últimos anos, así como acreditar a súa capacidade para xeraren coñecemento novo.
- De igual maneira, cada candidato/a debe xustificar o seu potencial como investigador/a independente e proporcionar evidencias de madurez profesional, así como mostras dunha prometedora proxección na súa carreira científica.
- Por último, un/ha candidato/a competitivo/a debe mostrar capacidade e interese en participar en convocatorias nacionais e internacionais de ciencia excelente como as promovidas polo *European Research Council (Starting e Consolidator Grants)*, polo Ministerio de Economía e Competitividade a partir do seu Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade en I+D+i (Ramón y Cajal), ou noutras convocatorias competitivas do Programa H2020 ou doutras axencias internacionais.

#### IV. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

As persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de doutor/a. A data de obtención do devandito título debe ser cando menos tres anos anterior á data de publicación desta convocatoria. Entenderase como data de obtención, a data do acto de defensa e aprobación da tese de doutoramento. No caso daqueles investigadores solicitantes que estean en posesión de máis dun título de doutor, o requisito expresado neste apartado referirase ao primeiro dos títulos obtidos.
- Cumprir os requisitos de elixibilidade establecidos neste momento para algunha das convocatorias das *Starting* ou *Consolidator Grants* promovidas polo *European Research Council (ERC)*.
- Ter realizado estadías durante cando menos 24 meses en centros de I+D de países distintos a aquel en que se obtivese o título de doutor/a. Este período de mobilidade de 24 meses contabilizarase até a data de publicación desta convocatoria e pode ser o resultado da suma de diferentes períodos, sempre que estes foren dun mínimo dun mes. O requisito de mobilidade considerarase cumprido para aqueles investigadores que desenvolveran integramente e obtiveran o título de doutor/a nunha universidade estranxeira.

#### V. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. O prazo de solicitude iníciase o 3 de maio de 2018 ás 08:30 (hora peninsular española) e finaliza o 28 de xuño de 2018 ás 14:30 (hora peninsular española).

2. A presentación de solicitudes realizarase exclusivamente polo procedemento habilitado na Sede Electrónica da UDC a través da ligazón: <https://sede.udc.gal/applications/intalent2018>. As solicitudes que se pretendan presentar

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	5/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



por procedementos distintos do habilitado na mencionada sede electrónica resultarán excluídas.

3. A solicitude deberá incluír a seguinte documentación:

a) Memoria técnica, cuxo modelo se recolle no anexo. Debe cubrirse empregando como tipo de letra *Times New Roman* ou similar, tamaño de fonte 11, espazamento entre liñas simple e marxes mínimas superior e inferior de 1,5 cm, e laterais mínimas de 2 cm. Consta dos seguintes apartados:

a.1) Formulario administrativo. Neste apartado, amais dos datos xerais do/a solicitante, poderase indicar a ligazón a algunha(s) base(s) de datos ou rexistro científico en que teña a súa produción científica actualizada (Orcid, Research Gate, Scopus, Web Of Science, Google Scholar), e deberá asignar obrigatoriamente a súa solicitude a un dos tres grandes paneis temáticos primarios das convocatorias das *ERC grants*:

- Física, química e enxeñaría
- Ciencias da vida
- Ciencias sociais e humanidades

a.2) Declaración de todas as solicitudes individuais concedidas en convocatorias de ciencia excelente, desde a obtención do título de doutor/a até a data actual. Tamén poderán consignarse aquelas outras convocatorias individuais ás que se presentou o/a solicitante aínda que non conseguise o financiamento (por exemplo: *ERC grants*, Ramón y Cajal...), coa indicación do resultado da avaliación (por exemplo: en reserva, puntuación obtida, renuncia...), se considera que esta pode ser significativa para a avaliación da súa solicitude neste programa.

Nesta sección tamén deberán detallarse as solicitudes a convocatorias individuais de ciencia excelente en curso, coa obriga por parte do/a solicitante de comunicar á coordinación do Programa InTalent, a través de correo electrónico ([intalent@udc.es](mailto:intalent@udc.es)), calquera novidade ou modificación naquelas que puidese afectar á súa solicitude dentro desta convocatoria.

a.3) Listaxe das estadías de investigación para efectos de comprobación do requisito de mobilidade establecido no apartado IV. Calquera outra estadía non detallada neste apartado non será tida en conta á hora de verificar o requisito de mobilidade establecido no apartado IV.

a.4) Memoria da traxectoria investigadora da persoa solicitante, coa especificación dos maiores logros científicos alcanzados até a data, cunha extensión máxima de dúas páxinas.

a.5) Resumo da proposta de investigación (“Proxecto”), cunha extensión máxima de dúas páxinas. Neste apartado presentarase a investigación que a persoa solicitante se propón realizar durante o período de contrato, así como a súa relación coa idea que podería presentar ás convocatorias do ERC.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



- a.6) *Curriculum vitae* resumido cunha extensión máxima de dúas páxinas. As persoas solicitantes poderán achegar, se así o desexaren, un currículo extenso na sección «Outros documentos» da Sede Electrónica.
- a.7) Declaración responsable da veracidade de toda a información contida na solicitude, e compromiso asinado pola persoa candidata para presentarse a través da UDC ás convocatorias que conxuntamente se considere oportuno tanto do ERC, como do Ministerio de Economía e Competitividade dentro do seu Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade en I+D+i, durante a duración do contrato.
- b) Copia do DNI ou NIE da persoa candidata, ou copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso de cidadáns estranxeiros.
- c) Copia do título de doutor/a ou da certificación académica, onde figure indicación expresa da data en que se obtivo este título.
- d) Outros documentos que o/a candidato/a considere de interese para avaliar adecuadamente a súa solicitude, como unha carta de motivación ou o currículo completo.
4. A solicitude redactarase en inglés, español ou galego. Recoméndase, con todo, presentar en inglés a memoria técnica.
5. Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida na documentación achegada na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.
6. Non axustarse aos termos desta convocatoria, incumprir os requisitos establecidos nela, ocultar ou alterar datos, ou manipular de calquera xeito a información solicitada será causa de non admisión da solicitude presentada.
7. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, o consentimento das persoas participantes para os efectos de publicidade e tratamento dos datos persoais que figuran nela, e o seu consentimento para a comunicación a terceiros dos datos recollidos, co obxecto do tratamento posterior deste datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, no marco da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE n.º298, do 14 de decembro de 1999).

## VI. EMENDA DE SOLICITUDES

1. Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes, o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia ditará unha resolución pola que se aprobará a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, para que no prazo de dez días hábiles a partir desta publicación, as persoas solicitantes poidan formular reclamacións á causa de exclusión.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	7/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



2. Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)). O feito de figurar na relación de persoas admitidas non implicará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para a participación no proceso selectivo.

3. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas da exclusión, considerarase que a persoa solicitante desiste do seu pedimento nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n.º 236, do 2 de outubro de 2015), e procederase a publicar no mencionado taboleiro da Sede Electrónica da UDC ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)) a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. Contra esta resolución definitiva poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o reitor da UDC no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n.º 236, do 2 de outubro de 2015).

## VII. PRINCIPIOS QUE DEBEN RESPECTAR OS PROXECTOS

1. Os proxectos poden estar relacionados, coas consideracións mencionadas no apartado I.3, con calquera área de coñecemento, e referirse tanto a investigación básica como a investigación aplicada.

2. É de especial interese para este programa fomentar o achegamento da investigación á sociedade, polo que na proposta de investigación deben detallarse brevemente as accións de difusión que se propón realizar a persoa candidata para a comunicación dos resultados obtidos nos diferentes ámbitos (sociedade, científico).

3. Os proxectos e demais actividades en que participaren as persoas contratadas ao abeiro desta convocatoria deberán aterse ao establecido nos principios internacionais e na normativa vixente en materia de bioética, experimentación animal, bioseguridade, seguridade biolóxica, protección do medio, patrimonio natural e biodiversidade e protección de datos.

## VIII. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. As solicitudes serán avaliadas de acordo cos seguintes criterios:

a) Excelencia da traxectoria científica. Valorarase a relevancia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas (citas, índices de impacto...), os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas, e, en xeral, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluída a transferencia de tecnoloxía. Esta valoración realizarase seguindo os criterios xerais de avaliación do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		





l3) sinalados no punto 2 do anexo I, epígrafes da a) á f), da Resolución do 20 de xullo de 2005 (BOE do 26 de agosto). Puntuación: de 0 a 50 puntos.

b) Participación en actividade internacional. Valoraranse a implicación directa en programas, proxectos ou contratos internacionais, financiamento obtido en convocatorias internacionais competitivas e a mobilidade internacional (experiencia na etapa de predoutoramento ou posdoutoramento en países distintos ao país de orixe etc.). Puntuación: de 0 a 10 puntos.

c) Capacidade da persoa candidata para liderar a súa liña de investigación e xerar novo coñecemento, en función da experiencia científica e profesional, así como da independencia na súa traxectoria. Valorarase a través de aspectos tales como a dirección de traballos de investigación (a dirección de investigadores en formación, a condición de investigador/a principal en publicacións científicas, a dirección de teses de doutoramento etc.); a relevancia e o recoñecemento da súa liña de investigación (invitacións a congresos internacionais, o carácter de conferenciante plenario/a, premios, mencións e distincións); a capacidade de obtención de recursos (financiamento como investigador/a principal de proxectos, contratos etc.); a participación en redes de coñecemento e calquera outro aspecto que permita valorar méritos relacionados coa independencia, relevancia e liderado na liña de investigación que presenta a persoa candidata. Puntuación: de 0 a 20 puntos.

d) Proposta de proxecto formulada. Valoraranse a motivación, a excelencia e o impacto da investigación proposta, así como a viabilidade do seu desenvolvemento e implementación, alén da coherencia e importancia da proposta na carreira investigadora da persoa candidata. Terase en conta fundamentalmente a súa adecuación aos obxectivos do Programa InTalent, sobre todo no que respecta á capacidade do/a solicitante para captar financiamento doutras convocatorias competitivas nacionais e internacionais de ciencia excelente, e a súa relación coas áreas de investigación de especial interese recollidas no apartado I.3, así como a proposta de actividades de difusión da investigación realizada. Puntuación: de 0 a 20 puntos.

2. Todos os méritos recollidos neste apartado serán valorados tendo en conta os anos transcorridos desde que a persoa solicitante obtivo o título de doutor/a, de modo que se avaliarán tanto os logros alcanzados en función da súa experiencia como a proxección da súa carreira investigadora e a súa capacidade para presentar futuras propostas exitosas a outras convocatorias competitivas nacionais e internacionais de ciencia excelente, como as mencionadas en apartados anteriores.

## IX. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

1. A avaliación das solicitudes presentadas polas persoas candidatas será realizada de acordo cos criterios establecidos no punto anterior por unha comisión de avaliación presidida pola vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia. Tamén

<b>Código Seguro De Verificación</b>	oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/04/2018 12:06:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/22
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/oewFrSAHg4tpzy42G7+heQ==</a>		



formarán parte da devandita comisión o adxunto a Investigación e o adxunto a Transferencia da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, e tres investigadores externos de recoñecido prestixio nomeados polo reitor da UDC. Esta comisión avaliadora estará asistida polo coordinador científico do Programa InTalent, sen a condición de membro, que actuará con voz pero sen voto.

2. Inicialmente, cada solicitude será avaliada de forma independente por cando menos dous dos membros da citada comisión. Adicionalmente, a comisión avaliadora poderá solicitar asesoramento no proceso de avaliación a expertos en determinadas áreas de investigación para aquelas solicitudes que considere necesario.

3. Durante todo o proceso de avaliación a Comisión de Avaliación e a coordinación do Programa InTalent poderán contactar e entrevistar aqueles candidatos que estimaren oportuno, co fin de aclarar os méritos reflectidos na súa solicitude e todos aqueles aspectos relacionados con ela. Tales entrevistas non terán carácter avaliador.

4. A Comisión de Avaliación formulará a proposta de resolución provisoria de solicitudes seleccionadas e, de ser o caso, de reserva, de acordo coas puntuacións obtidas por cada persoa solicitante. Esta proposta publicárase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)), para que no prazo de dez días hábiles se presenten cantas alegacións estimaren oportunas. As alegacións presentadas serán revisadas pola Comisión de Avaliación.

5. A relación de persoas candidatas de reserva aparecerá ordenada en sentido decrecente da puntuación obtida na avaliación.

